

N A S M A R X E S



DO 20 DE XULLO
DE 2026
CONVENTO DE
SANTA CLARA

BIENAL DE ARTES
VIVAS PONTEVEDRA

BIENAL PONTEVEDRA

É a bienal de arte contemporánea máis antiga de España e unha das citas culturais de referencia no estado.

Tras o seu relanzamento en 2025, a Bienal entra nunha nova etapa de crecemento e proxección internacional, ampliando o seu ecosistema cara a formatos, linguaxes e modos de relación coa cidadanía propios da creación contemporánea.

Neste marco, a Bienal de Artes Vivas de Pontevedra xorde como un novo fito dentro do proxecto xeral da Bienal: un espazo especificamente dedicado ás prácticas vivas, performativas e transdisciplinares que hoxe forman parte esencial do panorama artístico.

A súa posta en marcha responde á vontade de reforzar a presenza anual da Bienal na vida cultural da cidade, así como de ofrecer un contexto estable onde creadoras e creadores poidan activar o territorio a través do corpo, a acción e a experiencia compartida.

ACERCA DA BIENAL DE ARTES VIVAS

A Bienal de Artes Vivas de Pontevedra impúlsase como un espazo específico para as prácticas vivas e contemporáneas, en diálogo directo co proxecto xeral da Bienal de Pontevedra.

Tras o impulso xerado polo programa de artes vivas desenvolvido na Bienal de Arte de 2025, esta nova cita anual consolídase como un punto de encontro entre a creación e a cidadanía, activando a cidade como escenario, laboratorio e territorio de experimentación.

Aproveitando o momento especialmente fértil que están a vivir as artes vivas, ofrecemos un espazo onde mostrar o resultado de traballos terminados ou en proceso, que nalgúns casos ven a luz por primeira vez ante un público.

Nas marxes, a Bienal de Artes Vivas de 2026, comisariada por Iñaki Martínez Antelo, reúne propostas que transitan entre a *performance*, a danza, as artes escénicas e a música, e ofrece un contacto directo coas prácticas máis actuais da escena e da creación contemporánea.

A súa programación aposta pola hibridación de linguaxes, pola escoita e polo acontecemento vivo como modos de activar novas miradas sobre a contorna e sobre quen o habita.

O CONVENTO DE SANTA CLARA

A primeira edición da Bienal de Artes Vivas ten lugar no antigo convento de Santa Clara, un enclave histórico que forma parte do Museo de Pontevedra. Fundado en 1271 e transformado ao longo de sete séculos, Santa Clara é hoxe un espazo en transición: da clausura á apertura, do silencio conventual á activación cultural.

As áreas escollidas do conxunto —espazos interiores e exteriores elixidos pola súa singularidade, pola súa acústica, pola súa dimensión e polo seu carácter evocador— ofrecen un marco excepcional para desprezar prácticas artísticas que dialoguen co tempo, coa arquitectura e coa memoria do lugar.

NAS MARXES

No contexto da Bienal de Arte de Pontevedra de 2025, recentemente recuperada, tivo lugar un primeiro intento de incorporar un programa de artes vivas dentro da súa estrutura xeral. Aquela programación, despregada ao longo dos meses de apertura en distintos espazos da cidade e da provincia, funcionou como un campo de probas, como unha aproximación inicial ás formas en que as prácticas performativas podían entrar en diálogo co contexto da bienal e cos seus públicos.

Máis que un ensaio en sentido estrito, aquela experiencia pode lerse como un xesto de insistencia. Samuel Beckett escribiu “Try again. Fail again. Fail better” (Volve intentalo, fracasa de novo, fracasa mellor). Nesa lóxica inscríbese o impulso que atravesou esa proposta, non tanto baseado nunha idea de ensaio, senón na vontade de insistir, de afinar e de ir máis lonxe nesa convivencia co marco da bienal, ao desprazar os límites do que unha bienal pode acoller.

En 2026 damos un paso máis coa presentación da primeira Bienal de Artes Vivas de Pontevedra, titulada *Nas marxés*. Nas beiras, nos bordos, nos limiares onde as categorías se dilúen e as prácticas atopan outras formas de aparecer. O título remite a eses espazos de fricción e de tránsito entre disciplinas, entre o visual e o escénico, entre o instituído e aquilo que aínda busca o seu lugar. Tamén sinala aquelas obras difíciles de conter nos circuítos habituais, pezas que non terminan de pertencer nin ao teatro nin ao museo e que atopan aquí un contexto propicio para despregarse.

Construír un programa implica articular unha constelación de voces que, en principio, non estaban destinadas a coincidir. Programar é activar un espazo de aproximacións, de encontros entre prácticas, corpos e imaxinarios que, ao entrar en relación, xeran novas formas de lectura. Non se trata só de ordenar propostas segundo unha lóxica pechada, senón de soste un territorio onde o heteroxéneo poida convivir sen resolverse. O programa configúrase, así, como un campo de tensións entre linguaxes, temporalidades e modos de facer. Nese cruzamento emerxen friccións, afinidades inesperadas, zonas de incerteza e momentos de revelación. Alén de trazar un percorrido estable, propónse abrir un espazo no que cada peza dialogue coas demais e con quen a atravesa.

Neste marco, o papel do público resulta fundamental, pois preséntase unha implicación activa que supón ollar, interpretar, cuestionar, deixarse afectar. O sentido non está dado de antemán e constrúese nese tránsito compartido, para que o programa deveña nunha estrutura aberta, en constante transformación, onde o que aconteza non se limite á escena e se expanda nos encontros, nas preguntas e nas formas de estar xuntos que se

xeren tamén en relación co Convento de Santa Clara, sede do evento. Fundado no século xiii e habitado durante máis de setecentos anos por unha comunidade de monxas de clausura, deixa de ser unicamente un lugar de silencio e recollemento para converterse, logo da súa reapertura como sede da Bienal de Pontevedra, nun corpo activo que recibe e modula estas experiencias, nun lugar atravesado por outras presenzas, corpos en movemento, voces, xestos e resonancias que reconfiguran a súa memoria.

Nesta primeira edición, a igrexa, o coro, os xardíns e outros espazos do convento transfórmanse en lugares de encontro entre artistas e públicos. Acceder a lugares durante tanto tempo clausurados abre, tamén, novas posibilidades para as prácticas contemporáneas. A carga histórica e simbólica destes espazos actúa como materia activa coa que traballar. Moitos dos artistas desenvolveron pezas específicas para estes contextos ou adaptaron traballos existentes para dialogar coa arquitectura, coa memoria e coa atmosfera do lugar. O programa inclúe, así mesmo, procesos en curso, traballos en desenvolvemento que se mostran no seu devir e lle permiten ao público asistir á súa construción. Estas propostas articúlanse en relación con iniciativas coma Residencias Paraíso, o festival Citemor de Montemor-o-Velho ou TNT, Terrassa Noves Tendències, coas que esta bienal establece vínculos e complicidades.

As artes vivas son prácticas artísticas que suceden no aquí e no agora. Reúnen prácticas tan diversas coma a danza contemporánea, a *performance*, o teatro máis experimental, a música en vivo, a arte sonora, as prácticas vocais ou coreográficas, o circo e outras formas híbridas que se sitúan entre as artes visuais e as artes escénicas. Desde esta condición aberta e procesual, atravesada pola incerteza e a experimentación, inscribir unha lóxica de tentativa continua; unha lóxica baseada na secuencia de Beckett, ese intentar, fallar, volver tentar. Cada xesto e cada acción son unha exploración do que aínda non sabemos. Esta bienal propón, nese sentido, volver habitar o convento de Santa Clara desde o movemento, a presenza e a experiencia compartida dos corpos que o activan.

IÑAKI MARTÍNEZ ANTELO

PROGRAMA

BLANCA TOLSÁ. *MICRODEFASE: DESAJUSTE PARA VOZ Y ESPACIO*

Xoves 2 de xullo, 20:00 h. Igrexa

Danza. Estrea en Galicia

Microdesfase é un dispositivo escénico no que dous intérpretes activan a acústica de arquitecturas reverberantes para producir un espazo caleidoscópico mediante a danza e a voz, modulada en vivo. Unha presenza desprega notas que poñen en vibración a sala, mentres a outra modela, en tempo real, a resposta técnica do sistema. Xuntas configuran un organismo expandido no que corpo, son, tecnoloxía e espazo se afectan mutuamente. A peza propón unha experiencia perceptiva múltiple e envolvente, onde o son parece provir tanto do corpo coma do aire que o rodea, dilúe a fronteira entre emisión, eco e reflexo, e convida a habitar un territorio de ilusión auditiva e alteración sensorial.

Blanca Tolsá desenvolve a súa práctica como bailarina e coreógrafa en Barcelona. A súa investigación artículase ao redor da relación entre voz, movemento e son, e atende de forma específica as súas asincronías. A través das súas pezas, constrúe situacións perceptivas que desprazan o público cara ao ilusorio, ao dislocado e ao disonante. Foi artista residente en centros de creación contemporánea coma La Caldera, Graner, Fabra i Coats, entre outros. Entre os seus traballos destacan *Ecoica* (2022) e *Parafonías* (2025). Na actualidade, expande a súa práctica cara a contextos non teatrais e investiga en arquitecturas de alta reverberación.

Ficha técnica

Voz e movemento: Blanca Tolsá

Son: Finn McLafferty

Deseño sonoro: Albert Tarrats

CLO PLAS, DIEGO VITES E JAVI ÁLVAREZ: *CLO PAU PLAS PEDRA*

Xoves 2 de xullo, 21:00 h. Xardíns

Concerto-acción. Estrea absoluta

Clo Pau Plas Pedra é un concerto-acción creado para a Bienal de Artes Vivas de Pontevedra que reúne a Berio Molina, Diego Vites, Javi Álvarez e Xiana Arias: catro artistas que aínda cren no poder do tremer da voz e da man. Diego e Javi interveñen no concerto de Clo Plas —Berio e Xiana— e desprazan a súa lóxica interna. Javi Álvarez expande o plano acústico desde a experimentación musical, mentres Diego Vites introduce xs Placudxs, unha deriva dos cabezudos populares cos que activa no escenario diferentes escenas. Xs Placudxs remiten a esas personaxes do imaxinario festivo que se anunciaban co son das gaitas ao lonxe, pero son outra cousa. Son un cisma desas figuras rituais relegadas hoxe a non saír dun húmido almacén municipal. Agora, ao non ir coa banda, aprenderon a tocar.

O traballo de Clo Plas xorde da oralidade, dese falar que é ao tempo íntimo e estraño, e que transporta o peso do lugar ao que pertencen. *Clo Pau Plas Pedra* é unha expansión da súa proposta na que os sintetizadores, *samplers*, *scratches* e demais cacharrada de Javi Álvarez levan ese falar e esas melodías crúas a un novo lugar.

MARTÍN FLORES CÁRDENAS (CASA TEATRO ESTUDIO): *LA FUERZA DE LA GRAVEDAD*

Venres 3 de xullo, 18:00 e 20:00 h. Igrexa

Teatro. Estrea en Galicia

Despois de anos sen verse, unha actriz e un director de teatro deciden volver traballar xuntos cunha condición: deixar atrás os vicios que noutrora fracturaron a súa relación. A peza articúlase ao redor dunha idea de coexistencia forzada, onde unha mesma forza sostén e agrupa a infinita diversidade que atravesa o ser humano (ricos, pobres, *maricas*, *paquis*, peronistas, gorilas, zurdos, demócratas, republicanos, israelís, palestinos...) e as formas de vida de animais, insectos, centenaes, miles, millóns de especies, vexetación, organismos de calquera tipo, seres microscópicos... todos á vez expostos e vinculados na súa relación con aquilo que é o outro. Nese campo compartido, o vivo vese atravesado por relacións de dependencia, conflito e exposición mutua. Unha lóxica que organiza o material e tamén estrutura o simbólico, un territorio común que se comparte, se invade e se conquista.

O arxentino Martín Flores Cárdenas é director e dramaturgo. Os seus textos foron traducidos a distintos idiomas e estreáronse en teatros e festivais da Arxentina, Alemaña, Bélxica, Francia, Suíza, Polonia, Italia, Estados Unidos, Grecia, España, Portugal, Brasil, México, Uruguai, Chile e Perú. Recibiu recoñecementos coma os Premios Teatro do Mundo e foi nomeado aos premios ACE, Martín Fierro, Florencio Sánchez e Trinidad Guevara. Entre os seus traballos máis recentes atópanse *No hay banda*, *Love me* (cocreado xunto a Marina Otero) e *La fuerza de la gravedad*, todos concibidos e estreados en Casa Teatro Estudio, espazo que xestiona co escenógrafo brasileiro Ruslan Alastair Silva.

Ficha técnica

Interpretación: Laura López Moyano

Deseño de iluminación: Matías Sendón

Deseño espacial: Ruslan Alastair Silva

Música: Martín Flores Cárdenas

Colaboración en vestuario: Lara Sol Gaudini

Colaboración en música: Maga Clavijo

Colaboración en texto: Tomás Masariche

Produción xeral: Casa Teatro Estudio

Dramaturxia e dirección: Martín Flores Cárdenas

Produción xeral: Casa Teatro Estudio

LARA BROWN: TÓRTOLA VALENCIA, PIENSO EN TI CON MIS MANOS

Sábado 4 de xullo, 18:00 h. Coro

Conferencia escénica. Estrea en Galicia

“Tórtola Valencia, TóooORTOLAaaaValenCia”. Con esa música na cabeza, o proxecto articúlase como unha investigación doméstica iniciada hai case dous anos por Lara Brown ao redor da biografía e da práctica artística da bailarina Carmen Tórtola Valencia e da súa parella, Àngels Magret-Vilà. Neste proceso emerxen capas de pensamento que desprazan a investigación cara ao terreo da creación e a transforman nun proxecto artístico que se vai despregando co tempo. Durante este percorrido, a acumulación de lecturas, a observación reiterada de imaxes e a repetición de xestos da bailarina —mans que trazan traxectorias imposibles— abren unha vía de intuición e imaxinación da que brotan historias e desenlaces posibles, tan verosímiles que por momentos parece que sucedesen de verdade. O proxecto foi seleccionado na convocatoria Artistas en Residencia de

La Casa Encendida 2025 e en Beques Barcelona Crea Fàbriques de Creació. Conta, ademais, co apoio de La Poderosa, Centro de Residencias AADK e Azala Espazio de Creación. É beneficiaria das axudas á creación contemporánea do Ministerio de Cultura de 2026 e do programa “#Arteporvenir” (2026-2027) da Fundación Carasso.

Lara Brown entende a creación como xeradora dun xesto poético que opera como un agasallo, un intercambio de afectos que permite habitar o mundo de forma máis amable. Os seus traballos presentáronse en contextos coma Dansa Metropolitana, La Casa Encendida, Centro de Cultura Conde Duque, Festival Dansa València, Expo Dubai 2020, Picnic Sessions, Museo CA2M, Festival Moujuic, Graner Centro de Danza e Artes Vivas, Fira Mediterrània de Manresa, Teatros del Canal e Centro de Danza La Caldera, entre outros. Á súa vez, crea contextos de pensamento crítico no ámbito das artes vivas, acompaña proxectos artísticos e inventa ferramentas para esvaer e repensar os límites do escénico.

ISABEL DO DIEGO: *BESTIA SAGRADA*

Sábado 4 de xullo, 19:30 h. Igrexa

Concerto. Estrea en Galicia

En *Bestia Sagrada*, Isabel Do Diego permeabiliza o *quejío* flamenco coa fisicalidade vocal de diferentes liturxias, coma o canto sacro do medievo europeo, a chamada á oración en Mesopotamia ou a recitación do *bunraku* xaponés; unha voz encarnada por diferentes alimarias a modo de bestiario folclórico. Todo este corpo vocal e orgánico susténtase novamente sobre bases electrónicas compostas, esta vez, como “trampas visuais sonoras”. Espacialmente, Isabel Do Diego habita un escenario propio onde ritualizar toda esta viaxe musical: un hábitat para o cante monstruoso de electrónica sacralizada, un espazo para a danza bastarda de movementos sobrenaturais, o corpo médium que todo o habita. Unha tríade de voz, corpo e instrumentación que conduce á celebración do monstruoso como entidade divinizada. En definitiva, unha escena transmutada en altar onde prender a taumaturxia folclórica en forma de cerimonia musical.

Isabel Do Diego, *alter ego* do artista andaluz Juan Diego Calzada, desenvolve no seu traballo musical e escénico un folclore austero, brutalista e sacralizado. O seu *quejío* electrónico abre un corpo á fuga, que traza unha nova perspectiva sobre o folclore andaluz. A súa música é unha prótese folclórica que transcende os

espazos que a carne non pode habitar: un ser híbrido, un corpo que en escena camiña entre o humano, o animal e o espiritual. Entre a familiaridade rural e o estrañamento futurista, habita un universo escénico de berros e murmurios, melodías tradicionais xunto a sonoridades crebadas, ecos rurais e industriais, mensaxes herexes e oracións, fantasías sexuais e emocións castas. E moitos *beats*, *samplers* e sintetizadores. O seu cante e baile encarnan o monstruoso e fusiónanse cunha electrónica de carácter sacralizado. Unha trampa visual escénica que, como alegoría, non é racional nin clasificable, senón que revela o misterio que gardamos baixo a pel en forma de cerimonia musical. Publicou os álbums *Depueblo*, *Bestia sagrada*, *Rozadura*, *A carne viva*, *Gozo jondo* e *Brutalismo*.

Ficha técnica

Idea e dirección: Isabel Do Diego

Creación e interpretación: Isabel Do Diego

Dramaturxia e produción musical: Isabel Do Diego

Iluminación e son: Antonio L. Pedraza

Fotografía: Fábrica de Aceite, Natalia Benosilio e Bravastudio

Produción: Fábrica de Aceite e Isabel Do Diego

Colaboracións: La Caldera (Barcelona) e Ciudad de las Ideas (Córdoba)

VACABURRA: O RARO É QUE BAILAR SEXA RARO

Sábado 4 de xullo, 21:00 h. Xardíns

Danza. Estrea absoluta

O raro é que bailar sexa raro nace como un solo da compañía VACAburra. Unha gabanza da danza, unha reivindicación da figura da bailarina como corpo pensante e tamén político. Esta peza abre un espazo de reflexión sobre a necesidade dunha escena na que a diversidade corporal e as disidencias estean representadas e ocupen os lugares centrais dos discursos escénicos. Esta *core-biografía-pirata* presenta por primeira vez na Bienal de Pontevedra un convite a catro corpos cunha traxectoria creativa variada e singular: Lez Cameselle, Ailén Kendelmán e Gael Martins únense a Andrea Quintana para habitar un espazo de creación que entende a danza como algo contaxioso e convida a bailar nun lugar onde todos os corpos son posibles.

VACAburra nace no ano 2019 como un proxecto de creación contemporánea en Galicia, froito da converxencia entre as traxectorias de Andrea Quintana e Gena Baamonde. O seu traballo está atravesado pola hibridaxe de linguaxes, o feminismo, a diversidade sexoxenérica o humor e a investigación teórico-práctica, co corpo como accionador principal das súas creacións. Ao longo destes anos crearon pezas coma *O raro é que bailar sexa raro*, *Metodoloxías Carroñeras para Corpos Invertidos*, *Familia Nijinska* ou *Festina Lente*, pezas cunha reflexión crítica sobre os corpos e os relatos hexemónicos, sobre o poético-político na creación escénica, e nas que os *danzalismos* (danza e vandalismo) funcionan como ferramentas metodolóxicas fundamentais.

Ficha técnica

Creación: VACAburra (Andrea Quintana e Gena Baamonde)

Interpretación: Ailen Kendelman, Andrea Quintana, Gael Martins e Olga Cameselle

Dirección e coreografía: Andrea Quintana

Dramaturxia: Gena Baamonde e Andrea Quintana

Vestiario: Saturna

PISTACATRO: SEN PATRÓN

Domingo 5 de xullo, 12:00 h. Xardíns

Circo

No mundo dos malabares, todo segue un padrón, unha orde, un ciclo perfecto que garante que as bólas non caian, que as mazas tracen o seu camiño no aire e que os diábolos xiren sen fin. Pero, que sucede cando tres malabaristas tentan levar a batuta ao mesmo tempo? En *Sen patrón*, ninguén manda: só hai mans que compiten e obxectos que voan por riba das súas cabezas nun aparente caos divertido e fascinante. Tres cómicos que viven e se moven ao ritmo dos malabares que controlan, formando ciclos que se repiten ata enredarse sen sentido. Entre xogos de poder, equilibrios imposibles e moito humor, descubrirán que a verdadeira maxia non reside en quen manda, senón en aprender a xogar xuntos.

Pistacatro é a compañía e a produtora de circo máis relevante das Artes Vivas en Galicia e Premio Nacional de Circo 2025. Distribúe as súas propias producións, así como algunhas outras que nacen da matriz creativa do proxecto Circonove, e aquelas que considera importantes baixo criterios de calidade e interese cultural. Tras vinte anos desde a súa constitución oficial en 2006, Pistacatro busca

consolidarse como a produtora decana das novas correntes circenses en Galicia e abrir novos mercados e públicos. Funciona como un facilitador de profesionalización do circo na nosa terra, respectando os dereitos das e dos traballadores e artistas que, dalgún xeito, participan no proxecto. A súa intención é ser un catalizador que permita a comunicación con outras persoas e proxectos para xerar cultura en coprodución ou en colaboración, e, ao mesmo tempo, manterse fieis á súa complicidade co público. Un mecano nas mans dos seus integrantes para compartir soños.

Ficha técnica:

Dirección: Pablo Reboleiro

Malabaristas: Aitor Garuz, Santiago Montero e Pablo Reboleiro

Música: Manuel Fonte

JAVIER HERNANDO (LOS BÁRBAROS): EXTRAÑA ALEGRÍA

Domingo 5 de xullo, 18:00 e 20:00 h. Igrexa

Teatro. Estrea en Galicia

Extraña alegría convida a mirar o presente desde outro lugar. A medio camiño entre a conferencia performativa e o teatro documental, a obra constrúe un arquivo de pequenos xestos de resistencia —moitas veces esquecidos— onde poesía, memoria e acción se entrelazan. Esta obra recupera historias de persoas que, con pequenos xestos, desafiaron o seu tempo. Persoas coma Lauro Olmo e Pilar Enciso, que intentaron frear o seu desafiuzamento pintando unha bandeira de España na porta da súa casa; Gonzalo Arias, que saíu a camiñar pola rúa cun cartel para pedir eleccións durante a ditadura; ou Anita Xirgo, que tirou grans de millo polos camiños durante unha folga silenciosa. *Extraña alegría* propón explorar o presente a través da memoria e da imaxinación, dialogar cos mortos e rescatar xestos que nos axuden a pensar con esperanza.

Javier Hernando forma parte, xunto a Rocío Bello e Miguel Rojo, de Los Bárbaros, cos que desenvolveu proxectos coma *Atlántida*, *Las explicaciones*, *Obra inacabada*, *Obra infinita* ou *Obra imposible*, que en 2026 se publicarán na editorial La Uña Rota, baixo o título *Permiso de extranjería*. Mostraron os seus traballos en espazos coma La Casa Encendida, Centro Azkuna, Centro Atlántico de Arte Moderno, CIAV-Naves de Matadero, Teatros del Canal, Teatro de La Abadía, CCC-Conde Duque ou o Centro Dramático Nacional.

Tamén organizaron encontros e impartiron obradoiros coma Regreso ao Pasado ou Imaxina, Debata e Crea un País, e desenvolveron a guía pedagóxica *Ejercicios para la democracia*. Pola súa banda, Javier Hernando publicou varios libros de poesía, entre eles *Una clase de escritura* (La Uña Rota, 2025), a súa obra máis recente.

Ficha técnica:

Dramaturxia e dirección: Javier Hernando

Creación: Los Bárbaros

En escena: Rocío Bello

Iluminación: Miguel Ruz

Deseño sonoro: Pilar Calvo

Edición de vídeo: Aitana López Rodrigo e Miguel Ruz

Colaboracións: Residencias TNT 24-25, Residencias Paraíso, Colectivo RPM, Xunta de Galicia, Concello de Lugo, Pazo da Cultura de Narón, L'Estruch do Concello de Sabadell e Los Bárbaros

NOELA COVELO VELASCO E ÉLISE MOREAU: *APLAUSO, VICIO*

Luns 6 de xullo, 19:00 h. Igrexa

Performance. Estrea en Galicia

Aplauso, vicio é a exposición dunha máquina ilusionista, un aparello performativo que explora os mecanismos do xénero operístico. Combina procesos de abstracción e a referencia clásica, a ópera *A frauta máxica*, de W. A. Mozart. Desde o illamento dos seus elementos, a referencia transfigúrase e dálle espazo á práctica actualizada e sociopoliticamente situada. *Aplauso, vicio* manipula, a través da artesanía e da fantasía precaria, o legado de repertorio na procura da creación doutra escena.

Élise Moreau e noela covelo velasco coñécense colaborando para a creación do vestuario de *Perpetua Felicidad* (2021), de Iniciativa Sexual Feminina. Desde entón, cultivan unha amizade na que os intercambios profesionais florecen: clases de canto, acompañamento coreográfico de *QSIPT I* (2022)... *Aplauso, vicio* é o seu primeiro proxecto en coautoría.

Élise Moreau é bailarina, coreógrafa, pedagoga e danza movemento terapeuta. Como bailarina e coreógrafa, interésalle particularmente a acción performativa

artésá (sen grandes medios exteriores) pola súa potencial universalidade e pola súa accesibilidade económica, e, polo tanto, deselitizante. Aspira a unha investigación íntima e permeable que sexa capaz de cuestionar, divertir e axitar. O traballo de noela covelo velasco desprégase desde a composición sonora, a *performance*, a disposición espacial e os procesos colectivos. Explora as formas de voz como espazos para a imaxinación política e a organización social. Na súa implicación pola autoxestión, actualmente é cofundadora do contorno para a experimentación pedagóxica c h o r o, con sede en Foc.

Ficha técnica:

Unha peza de noela covelo velasco e Élise Moreau

Colaboracións: Victor Ruiz Colomer (espazo), Julietta Ferrari (son) e Carolina Campos (ollo externo)

Co apoio do Centro Coreográfico Nacional de Grenoble, L'Estruch (Sabadell), La Caldera (Barcelona), Residencias Paraíso do Colectivo RPM (Galicia) e Foc (Barcelona). Ademais, o proxecto formou parte da edición 2025 de Si No Vols Pols No Vinguis a l'Era (Mieres) e recibiu unha subvención Barcelona Crea 2025 do Concello de Barcelona. *Aplauso, vicio* é unha coprodución do Festival Sâlmon 2025-2026 (Barcelona). No 2026, a obra contará con sesións do Método Feedback do Teatro DAS en colaboración co Teatro Antic.

JÉRÔME BEL: *JÉRÔME BEL*

Interpretada por María Roja

Martes 7 de xullo, 19:00 h. Igrexa

Performance. Estrea en Galicia

Coproducida coa Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT Ribadavia)

Jérôme Bel é un coreógrafo e bailarín francés, considerado unha figura chave na renovación da danza contemporánea desde os anos noventa. A súa traxectoria caracterízase por unha aproximación crítica e conceptual ao feito escénico, que cuestiona os códigos tradicionais do espectáculo e reduce a escena aos seus elementos esenciais. O seu traballo evolucionou desde investigacións formais sobre a linguaxe coreográfica cara a un interese por quen interpreta como individuo e polas dimensións políticas e sociais da representación. Recoñecido

internacionalmente, a súa obra foi presentada en contextos escénicos e artísticos de todo o mundo, e os seus rexistros forman parte de coleccións de importantes institucións museísticas.

A través do uso da biografía, Jérôme Bel politiza as súas preguntas, consciente da crise que atravesamos na sociedade contemporánea e das formas que adopta a súa representación en escena. Ao ofrecerlles o escenario a intérpretes non convencionais —persoas amadoras, con discapacidades físicas e mentais, nenas e nenos—, mostra preferencia por unha comunidade das diferenzas fronte ao grupo normativizado, así como un desexo de danza por riba da coreografía, aplicando métodos de emancipación a través da arte.

Na peza que leva o seu nome, Jérôme Bel reconstrúe a súa lóxica lineal, despregada a partir dunha mirada necesariamente subxectiva. A intervención performativa do coreógrafo, só en escena, dialoga coa proxección de arquivos filmados e reactiva a memoria de xestos, partituras e feitos biográficos que o discurso pon en correspondencia. Nela, Jérôme Bel conta por primeira vez a súa historia, compartindo dúbidas, compromisos, fracasos e tamén fascinacións. Combinando relato e sentido, a peza articula fragmentos da súa vida, a súa traxectoria e o seu proxecto intelectual para revelar as súas estruturas comúns.

A obra está interpretada pola actriz, *performer* e artista visual María Roja. As súas inquietudes artísticas xiran ao redor do corpo como contedor do íntimo e, asemade, como arquitectura social e política, cun marcado interese nos seus procesos de apropiación, incorporación e transmisión do coñecemento inmaterial, así como na súa potencia como elemento subversivo e de resistencia. No ámbito da interpretación, destaca o seu labor en compañías de artes escénicas de linguaxe posdramática e tamén a súa participación en producións audiovisuais experimentais, películas e series de ficción. É licenciada en Belas Artes, conta cun máster en Artes Escénicas pola Universidade de Vigo e é titulada superior en Arte Dramática pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Foi galardoada con tres premios María Casares á mellor actriz.

Ficha técnica:

Texto e vídeos: Jérôme Bel

Produción da *performance*: R. B. Jérôme Bel (Rebecca Lasselin e Sandro Grando)

Coprodución: La Ménagerie de Verre (París), La Commune, Centro Dramático Nacional de Aubervilliers, Festival de Outono de París e R. B. Jérôme Bel (París).

A escritura do texto desta *performance* forma parte do proceso creativo de Sustainable Theatre?, concibido por Katie Mitchell, Jérôme Bel e Teatro Vidy-Lausanne, e coproducido por STAGES.

FRAN MARTÍNEZ: *TRANSFIXIÓN*

Mércores 8 de xullo, 19:00 h. Coro

Danza

En colaboración co Colectivo RPM-Residencias Paraíso

Transfixión é unha peza que xira arredor do acto de facer, entendida como un exercicio de misticismo de baixa intensidade, un movemento constante de ida e volta entre o interior —escuro, opaco— e un exterior que, de tan visible, se volve difícil de descifrar. Inspirada na idea de “entrar máis dentro na espesura”, a proposta forma parte dun proceso de investigación que o artista vén desenvolvendo desde hai anos e que continúa no marco das Residencias Paraíso, que este ano celebran o seu décimo aniversario. Tras a residencia no Convento de Santa Clara durante o mes de maio, preséntase agora ao público como un traballo aberto, co que comparte o estado actual do proceso creativo.

Fran Martínez é un bailarín e coreógrafo galego. Formouse en interpretación e danza en diferentes escolas de España, Portugal e Bélxica. Recibiu a bolsa DanceWeb–ImpulsTanz do Festival de Viena de 2019. Traballou con Teatro Ensalle, Tino Sehgal, Dora García, Amélia Bentes, Berio Molina, Meytal Blanaru, Jesús Rubio, Voadora-Marta Pazos, Pisando Ovos-Rut Balbís, Natalia Fernandes, Lucía Estévez, Paula Quintas, Colectivo Glovo, RosanayAris, Alba González e Sanna Kekäläinen, entre outros. É cofundador da compañía de artes do movemento Pálido Domingo, xunto a Diego M. Buceta e Belén Bouzas. Mantén un idilio artístico con Elena Carvajal: conxuntamente crearon *Somaficción* (2022) e *Realmente ahora no ya no* (2024), e acompañanse de xeito estable noutros proxectos, encontros e contextos.

Ficha técnica:

Creación e interpretación: Fran Martínez

Ollo externo: Natalia Fernandes

Dramaturxia do corpo e do espazo: Lipi Hernández

Espazo sonoro: Juan Diego Calzada

Fotografía e vídeo: Lucía Estévez

Apoios: Centro Cultural Conde Duque + Coreógrafos en Comunidade (Madrid), Centro Danza Canal (Madrid), Teatro Ensalle (Vigo), Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), La Caldera (Barcelona) e Colectivo RPM-Residencias Paraíso.

MARÍA JURADO: *ANGELICAL*

Mércores 8 de xullo, 20:00 h. Igrexa

Danza/*performance*

En colaboración con TNT-Terrasa Noves Tendències

Angelical parte da figura do anxo como símbolo desde o que pensar a nosa relación co presente: un ser que observa, acompaña e dá testemuño da realidade sen intervir. Esta condición de visibilidade sen acción convértese nunha metáfora do suxeito e da e do artista contemporáneo, atrapados nunha época que exalta a exposición constante, a neutralidade e o “bo comportamento”, o que algunhas persoas denominaron “a sociedade da transparencia” ou “o imperio do ben”. O proxecto complétase coa exploración do reverso do anxelical, o abxecto, aquilo que rexeitamos de nós e que a cultura expulsa para soste unha aparencia de pureza e transparencia. *Angelical* estrearase en setembro no festival TNT-Terrasa Noves Tendències.

María Jurado é artista, coreógrafa, *performer* e investigadora nos límites entre a danza conceptual e a *performance*, cunha mirada singular en cada creación e cun interese constante por explorar os límites do formato. No 2022 estreou *Black Sun* no Festival Grec, e a súa segunda peza, *Spooky*, presentouse en numerosos espazos do territorio español. Actualmente, é compañía residente, xunto a David Corral, na Nau Ivanow e El Graner (Barcelona).

ÁNGELA MILLANO: *ESCARLET*

Xoves 9 de xullo, 19:00 h. Coro

Danza. Estrea en Galicia

Escarlet é un proxecto de investigación e creación coreográfica que se sitúa entre o performativo e o expositivo, como un espazo onde o visible se lle ofrece á mirada en forma de imaxe e volume. Desde aí, a peza pregúntase pola relación bidireccional entre corpo e voz, entre garganta e pelve. Desenvólvese a través de prácticas corporais baseadas na escoita, partindo da idea de que nada está

completamente quieto nin en silencio absoluto. Neste sentido, inscribir no marco conceptual do raro, daquilo que, aínda pertencendo a este mundo e resultándonos familiar, non termina de encaixar.

Ángela Millano (Vitoria-Gasteiz, 1987) é licenciada en Filosofía e graduada en Danza Contemporánea, cun máster en Prácticas Escénicas e Cultura Visual. O seu traballo céntrase na creación e investigación dentro das prácticas artísticas contemporáneas, co corpo e coas súas posibilidades físicas, políticas e poéticas como eixe. As súas pezas en solitario contaron co apoio de institucións e centros artísticos tanto estatais coma internacionais e presentar en espazos coma Azkuna Zentroa, Tabakalera Centro Internacional de Cultura Contemporánea, La Casa Encendida, Artium, o Museo de Arte Contemporánea do País Vasco, Tenerife.LAV, Dock 11, o centro de coreografía K3 de Hamburgo, Teatros del Canal e o CCCC Centre del Carme, entre outros. Colabora regularmente con artistas coma Julián Pacomio, Blanca G. Terán e La Señorita Blanco.

Ficha técnica:

Concepto e *performer*: Ángela Millano

Acompañamento: Nazario Díaz e Julia Rodríguez

Acompañamento técnico: Víctor Colmenero Mir

Apoios: Sortutakoak 17 (Dantzagunea), Residencias (2+2)2 (La Inestable e Espacio Benamil) e In_Prescindibles #51 (La Poderosa)

MANUEL RODRÍGUEZ: *ALIEN*

Xoves 9 de xullo, 20:00 h. Igrexa

Danza. Estrea en Galicia

Dise que, cando as e os astronautas volven á Terra despois de vela desde tan lonxe, o real adquire para eles matices de ficción. O planeta deixa de ser unha noción abstracta e inalcanzable; mentres quen observa se volve cada vez máis pequena ou pequeno, o planeta faise máis grande, demasiado grande. Entón, as palabras comúns xa non son suficientes e a conciencia dun mesmo expándese máis aló dos seus límites. É nesta expansión, neste corremento do real cara ao ficcional, onde comeza *Alien*, un lugar de estrañamento, resistencia e transformación. Aquí, o corpo non só comunica, senón que devén nun espazo no que identidade e percepción se suspenden ingravidas, abríndose a novas potencialidades.

Manuel Rodríguez é bailarín, coreógrafo e artista visual, graduado no máster Novas Prácticas Performativas pola Universidade das Artes de Estocolmo. A súa práctica interroga as condicións contemporáneas de aparición do corpo, tratándoo como un espazo de fricción onde percepción, materia e relación se entrecruzan. As súas creacións erosionan as estruturas da linguaxe e os dispositivos que organizan o visible, e abren zonas de indeterminación desde as que pensar outras formas de presenza. Ao longo da súa carreira como intérprete, colaborou con coreógrafos de proxección internacional coma Marcos Morau, formando parte da compañía La Veronal durante dez anos, James Thierrée ou Carmen Werner. Entre as súas máis de quince obras escénicas —alén de proxectos editoriais, audiovisuais e instalativos— destacan *ZERO*, *Body on Paper*, *Alien*, *Screensaver*, *R.E.M.* e *Manu*. Recentemente estreou *Otra cosa que no es una conferencia* no Mercat de les Flors de Barcelona.

ALEJANDRA POMBO SU: Y LOS HUECOS EMPEZARON A PEGARSE

Venres 10 de xullo, 19:00 h. Igrexa

Performance. Estrea absoluta

Alejandra Pombo Su desenvolve unha obra performativa baseada no berro, explorando a voz a través de modulacións, vibracións e intensidades en relación con espazos e contextos específicos. O berro funciona como punto de entrada, como eixe, cara a unha vasta paisaxe interior cuxa superficie posúe unha forza psicacústica chea de matices, que se despregan en función de cada situación. Trátase dunha obra que deconstrúe as relacións establecidas entre a voz e a persoa, entre quen expresa e quen é expresado, transitando entre a autoficción e o devir posthumano. Xera, ademais, unha dinámica negativa que socava a conmensurabilidade entre ser e aparencia, en favor de experiencias perturbadoras, a miúdo viscerais, das que resulta imposible escapar.

Alejandra Pombo Su é licenciada en Artes Visuais pola Universidade Complutense de Madrid e ampliou os seus estudos cun máster en Artes Dixitais pola Universidade Pompeu Fabra e o Programa de Estudos Independentes do MACBA Museo de Arte Contemporánea de Barcelona. É doutora en Belas Artes cunha tese sobre os paradoxos e os efectos da introdución da noción de *performance* na arte contemporánea. Realizou residencias artísticas en institucións españolas e internacionais coma o Centro Atlántico das Artes (Florida, Estados

Unidos), a Fundación I-Park (Connecticut, Estados Unidos), Pact Zollverein (Essen, Alemaña), CA2M (Madrid), El Ranchito (Matadero Madrid), FMJJ (A Coruña), Bulegoa z/b (Bilbao) e Tabakalera (San Sebastián), entre outras. A súa obra presentouse en festivais, museos e centros de arte vinculados ás artes visuais, o cine e as artes escénicas, coma o Museo Reina Sofía, Fabra i Coats, La Casa Encendida, a Galería Municipal do Porto e a Fundación Serralves. Actualmente participa como bolseira no programa DAAD Artistas en Berlín, na área de artes visuais.

THIAGO GRANATO: *OUT OF SIGHT, OUT OF MIND*

Venres 10 de xullo, 20:00 h. Coro

Danza. Estrea en Galicia

En colaboración con Citemor, Festival de Montemor-o-Velho

Inspirada na imaxinería simbólica das naturezas mortas de *vanitas* dos séculos xvi e xvii, a obra reflexiona sobre a transitoriedade da vida, a fragilidade da materia e a futilidade da acumulación. Estas referencias históricas conectan con preocupacións contemporáneas, en particular coa ansiedade ecolóxica e coa acelerada desaparición de ecosistemas, imaxes e modos de atención. A peza pregúntase que é o que hoxe xa non vemos e, por extensión, que deixamos de coidar, preservar ou soste. A través de obxectos efémeros, fragmentos textuais e xestos que se disipan no mesmo instante en que emerxen, a coreografía constrúe imaxes inestables que se resisten a fixarse. A dramaturxia concíbese como un exercicio de impermanencia, onde cada acción contén a posibilidade de borrarse e onde a presenza é sempre provisional. *Out of Sight, Out of Mind* propón unha poética da desaparición. Lonxe de entender o efémero como unha carencia, a obra asúmeo como unha forza transformadora. Invita o público a entrar nunha ecoloxía da atención, apelando á súa capacidade de soste, aínda que sexa por breves instantes, aquilo que insiste en desaparecer: corpos, sons, imaxes, bosques, memorias e o fráxil mundo que tratamos de manter unido, sabendo que non pode conservarse, só experimentarse.

Thiago Granato é un artista de danza brasileiro afincado en Berlín. Os seus traballos son o resultado de procesos que insisten en promover experiencias de transformación política a través da innovación estética. Completou o seu máster na Universidade das Artes de Estocolmo no programa Novas Prácticas

Performativas (2021), dirixido por Chrysa Parkinson. Participou no programa Ex.e.r.ce 8 no Centro Coreográfico Nacional de Montpellier (2008), coordinado por Xavier Le Roy. Xunto a Catarina Saraiva, comisariou o Festival Internacional e Laboratorio Linha de Fuga en Coimbra (2022). No 2023 foi un dos facilitadores de The Listening Academy de Berlín, en colaboración con Brandon LaBelle.

Ficha técnica:

Creación, coreografía e interpretación: Thiago Granato

Cocreación e asistencia coreográfica: Sandro Amaral

Música: Hélder Bruno

Iluminación: Jan Fedinger

Producción: Sandro Amaral e Thiago Granato

Coproducción: Teatro Municipal da Lousã e Festival Citemor (Portugal)

Apoios: DIORAMA (Berlín), Festival Arbola de Pamplona e Corpo Rastreado (São Paulo).

LEONOR LEAL E ANTONIO MORENO: *EN TALLERES*

Venres 10 de xullo, 21:00 h. Xardíns

Danza. Estrea en Galicia

Cheos de trastes, instrumentos, ferramentas e utensilios estraños, un percusionista e unha *bailaora* xogan a facer soar e a facer bailar. Obxectos extraviados, cousas que ninguén considera útiles, esperan neste laboratorio para ser devoltos á vida, aínda que non saiban con que nova función. O obradoiro é o espazo do posible, do que aínda non existe e do que finalmente acontece. Un lugar de dúbidas, de preguntas, de asombro, de humor e de creación. De apalpar, zapatear, cortar e remendar. Unha rebotica escénica aberta ao público para acompañar a evolución dos protagonistas de xeito paralelo ás súas outras propostas: pasado, presente e o que está por vir. Trátase dunha posta a punto continua, unha revisión permanente de todo o que nos conmove e, polo tanto, nos move. Arte e ensaio na fabricación da danza, do son, dos pasos e da música. Do inesperado e da reparación en grao sumo usado. Isto é *En talleres*, un proxecto a dúo entre a *bailaora* Leonor Leal e Antonio Moreno, percusionista e *performer*.

Leonor Leal, nacida en Xerez da Fronteira, é unha *bailaora* singular e versátil, de sólida formación académica. Obtén a titulación en Ballet Clásico pola Real Academia de Danza do Reino Unido e en Danza Clásica e Danza Española polo

Conservatorio de Danza de Sevilla. A súa traxectoria como solista foi recoñecida con diversos galardóns, coma o de Bailarina Sobresaliente no Certame Coreográfico de Danza Española e Flamenco de Madrid (2008), o Premio á Mellor Artista Revelación do Festival de Xerez (2011) ou, pola peza *Nocturno*, a Mención Especial do Xurado do Festival de Teatro no Sur (2019), o Premio ao Mellor Espectáculo de Danza nos Premios Escenarios de Sevilla (2019) e os nomeamentos a Mellor Intérprete Feminina de Danza e Mellor Espectáculo de Danza nos XXIII Premios Max das Artes Escénicas (2020). Recentemente recibiu a Copa Xerez de Baile 2025 da Cátedra de Flamencoloxía de Xerez.

Antonio Moreno é un músico ecléctico que funde a tradición do flamenco da súa cidade natal, Utrera, coa formación académica e a experimentación da música contemporánea. Actúa nos principais festivais do mundo xunto a artistas coma Israel Galván, Fernando Terremoto, Leonor Leal, Juan José Amador, Rocío Márquez, Tomás de Perrate ou David Lagos, entre outros. Actualmente é catedrático de Percusión no Conservatorio Superior de Sevilla.

CELSO FERNÁNDEZ SANMARTÍN: *CONTAR NO APAGÓN*

Sábado 11 de xullo, 12:00 e 13:00 h. Coro

Poesía. Estrea absoluta

A escuridade esperta os sentidos, a intimidade é escura, as raíces traballan nela, a noite é íntima e secreta, o lobo é valente pola fame pero tamén ten medo, o día escápalle á noite e a noite, ao día, e cando se tocan hai un momento confuso, sosegado, inevitable. A escuridade é un sobre de azucre e o que se conta, cando se recolle e sustenta no artístico e no vital, é o luceiro no suspiro dunha mina.

Celso Fernández Sanmartín propón unha sesión de narración oral na escuridade, un espazo de intimidade no que a palabra activa os sentidos e convoca imaxes, memorias e emocións. A través do relato, constrúe un tempo compartido no que día e noite, medo e sosego se entrelazan nunha experiencia pausada e atenta. As historias, recollidas da tradición oral e da vida, emerxen como pequenos focos de luz no medio da escuridade, facendo do acto de contar un xesto ao tempo artístico e vital.

Celso Fernández Sanmartín (Lalín, 1969) estudou Filosofía en Santiago de Compostela. Desenvolveu un intenso traballo asociativo e tamén como animador

sociocultural con persoas maiores. Defínese como horticultor e “recolector e contador de contos e historias de vida de tradición oral”. Como poeta publicou varios libros, entre eles *A cama do meu avó Manuel Sanmartín Méndez* (2018) e *A cousa eterna* (2023). Como narrador oral levou as súas historias por toda Galicia e ao estranxeiro. No 2022 recibiu o Premio Rebulir da Cultura Galega.

ANA BORRALHO E JOÃO GALANTE: *WORLD OF INTERIORS*

Sábado 11 de xullo, 18:00 h. Igrexa

Performance. Estrea en Galicia

World of Interiors é un proxecto de *performance*/instalación que confronta o público cunha imaxe inquietante: a de varios corpos tombados no chan, cos ollos pechados e sen movemento aparente. Nesa paisaxe detida, onde aparentemente nada ocorre no exterior, ábrese un espazo de atención e de escoita. A peza propón unha progresiva aproximación entre público e *performers* que favorece un intercambio con ese mundo interior. *World of Interiors* explora a relación entre público e obra, integrándoo no espazo e no tempo da *performance*. Nesa intimidade, a persoa espectadora é interceptada por textos, palabras que lle son rumoreadas dentro dunha tenue fronteira, case imperceptible. A instalación invita a entrar e saír libremente, a decidir a duración da experiencia, o tipo de relación que se establece e o momento da súa interrupción.

Ana Borralho e João Galante coñecéronse mentres estudaban artes visuais en AR.CO, en Lisboa, e traballaron xuntos regularmente nos anos noventa como actores e creadores do grupo de teatro Olho, en Cacilhas (Almada). Desde o 2002 desenvolven conxuntamente proxectos propios nos ámbitos da *performance*, da danza, do teatro, da instalación, da fotografía, do son e da videoarte. Desde o 2004, o seu traballo foi presentado en festivais internacionais en máis de 25 países. Borralho e Galante son cofundadores da banda de non músicos Jimmie Durham e da asociación cultural casaBranca. Son tamén directores artísticos e comisarios do festival de artes contemporáneas Verão Azul (Lagos e Loulé, Portugal), e comisarios do xa desaparecido festival de música electrónica Electrolegos, tamén en Lagos.

Ficha técnica:

Concepto, dirección artística, espazo escénico e iluminación: Ana Borralho e João Galante

Interpretación: grupo de teatro do Centro Asociado da UNED en Pontevedra
Asistencia artística: Daniel Matos
Texto: a partir de fragmentos da obra teatral de Rodrigo García
Colaboración dramaturxica: Tiago Rodrigues
Asesoramento artístico: Fernando J. Ribeiro
Asesoramento de iluminación: Thomas Walgrave
Dirección executiva: Mónica Samões
Dirección de produción: Marise Francisco
Produción executiva: Salomé Ventura
Produción: casaBranca
Coprodución: Alkantara Festival, Museo Colección Berardo, Útero/Espaço Land, Centro Nacional de Danza Contemporánea de Angers
Apoios: Atelier Real, Grande Cena, IEF, JGM, VôArte, Centro de Rehabilitación e Parálise Cerebral Calouste Gulbenkian, TNT/Manufacture de Chaussures-Bordeaux.
Apoio á estrea: Départs, programa “Cultura” da Unión Europea
Residencia artística: Centro Nacional de Danza Contemporánea de Angers
Agradecementos: Alexia Larrarté, Ana Margarida Carvalho, Antonia Buresi, Carlos Marquerie, Flávio Rodrigues, Lara Pires, Marie Mignot, Mateo Feijóo, Nec-Núcleo de Experimentação Coreográfica, Pedro Joel, Rodrigo García, Roman Perona, Vera Rocha, Walter Lauterer e a todas e todos os intérpretes que participaron no proxecto nas súas diversas fases.

LAIA ESTRUCH E ZUNZÚN: ÀLBUM VICTÒRIA

Sábado 11 de xullo, 21:00 h. Xardíns

Concerto

Àlbum Victòria é un proxecto performativo que traduce a texto, voz e movemento un pequeno álbum de debuxos do pintor barcelonés Jordi Samsó Bastardas (1929-2008). Trátase dun exercicio libre de interpretación e translación do gráfico ao escénico, no que os debuxos abstractos cobran vida a través dunha posta en escena en formato de concerto. Tras as súas colaboracións coa banda de *posthardcore* Joliette, en Cidade de México, e coa banda de punk-rock compostelá Samesugas, nesta ocasión —e especialmente para a Bienal de Artes Vivas de Pontevedra de 2026— Laia Estruch presenta unha colaboración inédita coa banda de Pontevedra Zunzún.

A práctica artística de Laia Estruch sitúase no ámbito da *performance* e da escultura, desde onde traballa coa linguaxe do corpo e a voz. Empregando o *spoken word*, a canción, os obxectos e as publicacións, os seus proxectos analizan as posibilidades emotivas da voz *a cappella* e do corpo sen teatralizar e abren un espazo de reflexión ao redor do carácter performativo da linguaxe, a gravación sonora e o seu arquivo oral. Presentou *performances* en espazos coma o MACBA Museo de Arte Contemporánea de Barcelona, a Fundación Antoni Tàpies, a Fundación Joan Miró de Barcelona, o Museo Picasso de Barcelona, PUBLICS de Helsinqui, o C3A de Córdoba, o Museo Centro de Arte Contemporánea (MUCAC) de Málaga, o Museo Nacional de Arte de Cataluña (MNAC) ou o Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid, que o pasado ano lle dedicou unha mostra na que se revisou a súa traxectoria.

Ficha técnica:

Voz: Laia Estruch

Guitarra: Alexandre Losada

Saxo/electrónica: Che Garrido

Guitarra: José Solla

Baixo: Álvaro Gallego

Batería: Berto Fojo

MONTDEDUTOR: DANZAS ROMÁNTICAS/ANTENA FANTASMA

Domingo 12 de xullo, 13:00 h. Coro

Danza. Estrea en Galicia

Danzas románticas/Antena fantasma é un ritual plástico e colectivo para intentar sandar o sufrimento romántico. Unha *performance* fantasmagórica na que o corpo se converte en médium, nunha canle vibrante que debuxa a música e deixa emerxer imaxes, enerxías e presenzas. A peza propón unha fusión entre os ballets románticos e as prácticas enerxéticas contemporáneas co desexo de resignificar e sandar a dor do amor romántico. Tamén expón un diálogo entre a danza contemporánea, o debuxo e a cosmoxía do ballet romántico. Sobre o espazo escénico, o *performer* canaliza estados emocionais xerados pola música romántica a través dun corpo que se transforma, que se move entre o equilibrio e o

desequilibrio, para mergullarse na práctica de moverse debuxando ou debuxar movéndose.

Montdedutor está formada por Jorge Dutor e Guillem Mont de Palol, creadores escénicos e *performers*. Traballan nas fronteiras de diferentes disciplinas coma a danza, a arquitectura, o teatro ou a ópera, e os seus campos de influencia no político e o social. Manteñen un forte compromiso cun lugar que para outros é de paso: estar no límite, e non no centro das cousas, é para eles unha posición ideolóxica. As súas prácticas escénicas cruzan linguaxes e desenvolven unha dimensión enerxética e empática. Utilizan o humor, o absurdo, a repetición e a música para achegarlles as artes vivas a todos os públicos, coa intención de que estes saian “facendo a conga” e repitan o que viron despois nas súas casas. Traballan xuntos desde o 2009, colaborando con teatros, centros de arte e festivais de Europa e da América Latina.

Ficha técnica:

Creación: Guillem Mont de Palol e Jorge Dutor

Interpretación: Guillem Mont de Palol

Artista sonoro: Carlos Parra

Co apoio da Fundació Joan Brossa, do Centre de les Arts Lliures, de El Canal de Salt e do Concello de Cassà de la Selva

ALESSANDRO SCIARRONI: *DON'T BE FRIGHTENED OF TURNING THE PAGE*

Domingo 12 de xullo, 18:00 h. Igrexa

Danza. Estrea en Galicia

Durante o desenvolvemento do proxecto *Migrant Bodies* (2014-2015), Alessandro Sciarroni concibiu a idea dunha nova práctica performativa profundamente xerminal. Partindo da observación dos fluxos migratorios en certas especies animais —aquelas que, ao cabo do seu ciclo vital, regresan ao seu lugar de orixe para desovar e morrer—, o artista comezou a traballar sobre o concepto de “turning”. O termo inglés tradúcese e represéntase en escena nun sentido literal a través da acción do corpo virando sobre o seu propio eixe. Esta acción desprégase como unha viaxe emocional e psicofísica —unha danza de duración— que reflicte o significado máis amplo de “turning” como proceso de evolución e transformación. O proxecto “Turning” divídese en diferentes presentacións e eventos que o artista denomina “versions”. Cada versión implica diferentes

performers, así como a artistas visuais, músicos e deseñadores, que son invitados a interpretar unha mesma acción segundo a súa propia sensibilidade. En consonancia co concepto dramaturxico suxerido polo título, os materiais e as partituras físicas están suxeitos a cambios, evolución e transformación en cada evento individual.

Alessandro Sciarroni é un artista italiano que desenvolve a súa práctica no ámbito das artes escénicas, con varios anos de experiencia en artes visuais e investigación teatral. O seu traballo parte dunha matriz conceptual próxima a Marcel Duchamp, utilizando un marco teatral, e presentouse en festivais, museos e espazos non convencionais en Europa, América e Asia. Nas súas creacións colabora con profesionais de distintas disciplinas e incorpora técnicas e experiencias procedentes da danza, así como do circo e do deporte. O seu traballo busca revelar as obsesións, os medos e as fragilidades inherentes ao acto de interpretar a través da repetición de prácticas levadas ao límite da resistencia física das e dos intérpretes. Deste xeito, explora unha dimensión distinta do tempo e fomenta unha relación empática entre público e *performers*. No 2019 foi galardoado co León de Ouro á Traxectoria en Danza pola Bienal de Venecia. É artista asociado de Marche Teatro.

Ficha técnica:

Concepto: Alessandro Sciarroni

Interpretación na estrea: Alessandro Sciarroni

Interpretación: Marco Bertani

Deseño de luces: Rocco Giansante

Dramaturxia: Alessandro Sciarroni e Su-Feh Lee

Música: Paolo Persia

Vestuario: Ettore Lombardi

Comisariado, promoción e asesoramento: Lisa Gilardino

Administración e produción executiva: Chiara Fava

Dirección técnica: Valeria Foti

Técnico en xira: Cosimo Maggini

Investigación: Damien Modolo

Comunicación: Pierpaolo Ferlaino

Produción: corpoceleste_C.C.00#. Marche Teatro

Coprodución: CENTQUATRE-PARIS; CCN2-Centro Coreográfico Nacional de Grenoble e Áchelles de Schaerbeek

Recursos gráficos e audiovisuais:

<https://bit.ly/bienal2026>

Contacto de comunicación:

Moisés Álvarez Jorge

+34 659 205 849

moises.alvarez@depo.gal

[HTTPS://BIENAL.DEPO.GAL](https://bienal.depo.gal)



Deputación
Pontevedra



MUSEO
PONTEVEDRA